

## ACTA Nº 28/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE XUÑO DE 2009**

#### **Asistentes:**

##### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 22 de xuño de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 27/09, do 15/06 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 240/07 – TERRA MOAÑA, S.L.** presenta proxecto básico de edificio de planta baixa, catro plantas e baixo cuberta para 6 vivendas na rúa de Concepción Arenal, 192 de Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan A. Fernández Martínez, visado na data 24.10.2007.

En data do 23 abril de 2009 a sociedade TERRAE MOAÑA, S.L. achega un modificado dese proxecto, visado o 23.04.09 polo COAG, e o 30 de abril de 2009 achega planos modificados para subsanar deficiencias no proxecto básico.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** BÁSICO PARA EDIFICACIÓN COLECTIVA PARA 6 VIVENDAS

**INFORME TÉCNICO:** **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución  
En sesión da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 12 de novembro de 2007 outorgase licenza de demolición por medio dun proxecto básico e de execución da edificación existente no solar que marca o inicio da obra.  
No expediente consta sendas acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con datas de 26 de novembro do 2007 e 26 de maio do 2009 do proxecto reformada para solo urbano de Ordenanza 3  
Require informes sectoriais.  
No expediente consta informe do Servicio Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Medio Ambiente.  
O proxecto inicial visado polo COAG o 24/10/2007 non foi resolto presentándose a posteriori outro reformado que se somete a licenza.  
Cédense 52,00 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.  
Constitúese fianza por un importe 1126,33 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.  
No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.  
A eficacia desta licenza se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	5.700,95 €
Taxas licenza urbanística.....	570,09 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Taxas conexión sumidoiros .....	720,00 €

**2.B) EXPTE. 70/09 – D.<sup>a</sup> SARA SÁNCHEZ ANDRÉ e D. JESÚS RODRÍGUEZ RIVAS** presenta proxecto básico para construción de vivenda unifamiar, no barrio de Verdeal-Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., sendos os arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e Juan A.

Fernández Martínez e o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Rios, visado na da 17.04.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 19 de xuño de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR(OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución

O expediente cumpre coas Normas do Habitát Galego.

No expediente consta sendas acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto tecnico municipal con datas de 15 de Xuño de 2009 para solo urbano de ordenanza 1.

Non require informes sectoriais.

Cédese 32,50M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 422,50 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Acredítase mediante medición técnica unha superficie de parcela de 299,00 en Ordenanza 1 e 532,00 en Ordenanza 8 esta última non computables.

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licencia de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	2.378,69 €
Taxas licenza urbanística.....	297,34 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Taxas conexión sumidoiros .....	180,00 €

**2.C) EXPTE. 37/09 – COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN BLAS IV** presenta estudo técnico de reposición de materiais en edificio existente, sito na rúa Avda. Concepción Arenal, nº 1, do barrio da Seara (edf. Salitre), de conformidade co estudo técnico presentado, redactado polo técnico D. Jose Miguel Correo Pazos. Visado o 20.11.2008.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** ESTUDO TÉCNICO (OBRA MAIOR)

**INFORME:** Procede licenza.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Servizo de Costas de Pontevedra debendo executarse as obras de acordo coas súas condicións.

**Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	1.058,35 €
Taxas licenza urbanística.....	94,50 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.D) EXPTE. 115/09 – D. CÁNDIDO PORTELA SANTOMÉ** presenta proxecto de reparación de cuberta e conservación exterior de vivenda, situada na carretera da Guía, núm. 57 do Barrio da Guía – Meira, de conformidade co proxecto presentado e redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 11.06.09; superficie total 256,10 m2; orzamento das obras 12.683,42. €

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autarización do Servizo de Estradas de Pontevedra da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Edificación en situación de fora de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a conservación exterior da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	355,14 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

### 3.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia – Departamento territorial da CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, con entrada neste Concello o día 5 de xuño de 2009, no que solicita condicionado relativo á instalación eléctrica denominada LMTS e CTC CAMPO DE GOLF DE DOMAIO Nº 3, solicitada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., Nº de expediente IN407A 2009/532-4,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de xuño de 2009, que literalmente di:

Ante a petición formulada polo Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria a solicitude de Unión Fenosa Distribución, S.A., Nº de expediente IN407A 2009/532-4, cuxas características da instalación teñen por denominación LMTS E CTC CAMPO DE GOLF DE DOMAIO Nº3, este Concello non interpón condicionado algún, se ben o replanteo definitivo do centro de transformación queda posposto á licenza definitiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo ao departamento territorial da Consellería de Economía e Industria.**

### 4.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
MEDIO AMBIENTE E MAR	Material de oficina “Alternalia 2009”	KOPIAK MOÑA, S.L.	4440-22000 RC 975	420,8 €
CULTURA	Papelería e publicidade do X Aniversario da Escola Municipal de Música	KOPIAK MOÑA, S.L.	4510 22602 RC 974	82,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## **5.-CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REIBÓN”.**

Dáse conta da certificación nº 1 da obra “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REIBÓN” presentada pola empresa CONSTRUCTORA EDISERPO S.L., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes, por importe de 57.225,09 euros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 22 de xuño de 2009, por entender que a licitación se axustou aos trámites legalmente establecidos e as obras foron efectivamente executadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aprobar a certificación nº 1 da obra “Reforma do Pavillón Polideportivo de Reibón” de data 29 de maio de 2009, por importe de 57.225,09 € .

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 62/2009, de CONSTRUCTORA EDISERPO S.L., de data 30 de maio de 2009, polo importe de 57.225,09 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.63202.

## **6.- SOLICITUDE DE TARIFA REDUCIDA DO SERVIÑO DE AUGAS E SANEAMENTO**

Visto o informe da traballadora social do Concello do 17 de xuño de 2009 en relación á solicitude de tarifa reducida do servizo de augas e depuración realizada por D<sup>a</sup> Carmen Souto Chapela,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a solicitude feita por D.<sup>a</sup> Carmen Souto Chapela por ter presentada a solicitude fóra do prazo establecido na ordenanza municipal reguladora, tal e como recolle o informe da traballadora social.

## **7.- TERRAZAS**

Dáse conta das solicitudes de ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa – terrazas-, así como da tarifa resultante de acordo coa aplicación da súa ordenanza reguladora municipal, remitidas polo Departamento de Promoción Económica.

NOME SOLICITANTE	LUGAR	M/2	Tarifa 24 €/m2
Santiago Blanco Rivas	-CAFE BAR PALITO As Barxas, 9	10	240 €
Martín Núñez Riobo	-CAFE BAR FRAPPOS As Barxas, 39	10	240 €

A Xunta de Goberno por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar esta relación así como as correspondentes taxas que serán cobradas por recadación previa comunicación a cada un das persoas interesadas, dándolle os prazos legalmente establecidos.

## **8.- PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009: LIMPEZA DE PRAIAS E SOCORRISMO E VIXILANCIA DE PRAIAS**

Vista a proposta da Alcaldía do 19 de xuño de 2009, que textualmente di:

Á vista do informe emitido pola técnica local de emprego, do contido nas resolucións de concesión de subvencións das obras ou servizos; “Limpeza de Praias” e “Socorrismo e Vixilancia de Praias” integradas nos programas de cooperación local do Concello de Moaña e do contido na Orde de 29 de decembro de 2009 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación, faise necesario aprobar as bases de selección e polo tanto poñer en marcha o procedemento de selección e posterior contratación dos traballadores que formarán parte dos ditos programas, aprobando os criterios e data de selección dos candidatos á contratación, a composición do tribunal cualificador e as condicións baixo as que se realizarán as contratacións.

Polo anterior, **PROPOÑO:**

**A) Aprobar os criterios de selección dos traballadores de entre os candidatos que serán enviados para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego, así como a composición do tribunal cualificador e a data de selección dos mesmos.**

Os criterios, datas de selección e composición do tribunal propostos son os seguintes:

### **BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009 DO CONCELLO DE MOAÑA.**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é establecer o procedemento de selección de persoal que será contratado dentro dos programas de cooperación local entre a Consellería de Traballo e o Concello de Moaña correspondentes ó período 2009.

En todo caso a selección de traballadores realizarase de entre os candidatos que sexan remitidos para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego de Cangas, de acordo co recollido no artigo 12 da Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009.

Os postos de traballo a cubrir, así como a titulación esixida, o salario e duración do contrato para cada un dos postos son os que se indican na seguinte táboa.

Nº POSTOS	DENOMINACIÓN POSTO	TITULACIÓN ESIXIDA	SALARIO BRUTO	I x CESE FINAL	DURACIÓN CONTRATO
<b>PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS .</b>					
4	PEÓN DE LIMPEZA	Sen titulación.	1.301,73	340,68	4 meses
<b>SOCORRISMO E VIXILANCIA DE PRAIAS .</b>					
2	PATRÓN	Licenza federativa embarcacións ata 6 m. de eslora, Patrón Embarcacións Recreo ou titulación superior	1.010,06	67,35	3 meses
2	SOCORRISTA	Técnico en Salvamento Acuático e Primeiros Auxilios ou Socorrista Acuático.	1.058,23	70,56	3 meses

Os candidatos que resulten seleccionados serán contratados baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social, a tempo completo e para unha obra ou servizo determinado.

## **SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.**

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario:

- a) Ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas para o posto de traballo ó que se pretende optar.
- b) Ser español. Os nacionais dos demais Estados membros da U.E. e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós españois, deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódolos aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- c) Ter 16 anos cumpridos e non exceder dos 65.
- d) Estar en posesión das titulacións esixidas para o posto de traballo ó que se pretende optar.
- e) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- f) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións



públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

### **TERCEIRA: INSTANCIAS**

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, durante os días 23 e 24 de xuño de 2009.

Así mesmo os aspirantes acompañaran ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada do título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaracións xuradas de cumpri-los requisitos sinalados na base segunda, apartado f) sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen (títulos de cursos, contratos, nóminas...)
- Vida laboral.

O requisito de ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas será comprobado polo Concello de Moaña mediante listado de candidatos para cada posto de traballo subministrado pola propia oficina, non sendo admitido ao proceso selectivo ningún candidato que non figure no citado listado.

### **CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR**

**O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:**

#### **Presidente:**

- María Torea Priegue. Técnica local de emprego.

#### **Vogais:**

- Carmen Pérez García. Orientadora laboral.
- Eugenio Costa Diz. Funcionario da área de persoal
- Ángeles Cabeiro Dopico. Funcionaria da área de administración.

- Jesús Boubeta García. Capataz de obras do Concello.

**Secretario:**

- O secretario do Concello de Moaña, ou funcionario en quen delegue.

O tribunal poderá nomear un asesor, caso de consideralo preciso.

**QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.**

**PERSOAL DE LIMPEZA DE PRAIAS.**

**1. Valoración de currículos, 40% da puntuación, valorándose méritos da seguinte forma:**

- Experiencia: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.

Por cada seis meses de traballo acreditado en posto igual ó que aspira.....0,2 puntos.

- Formación: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.

Por cada curso de formación, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades, directamente relacionado co posto de traballo ao que se opta:

- Ata 40 horas . .....0,20 puntos.
- De 41 a 100 horas.....0,40 puntos.
- De 101 a 200 horas.....0,75 puntos.
- Mais de 200 horas.....1,00 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante fotocopia compulsada de contratos ou nóminas ou certificacións oficiais e vida laboral actualizada.

O cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do título. Non se valorará en ningún caso a titulación esixida como requisito de acceso.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 4 puntos.

**2. Exame tipo test, 60% da puntuación. Máximo 6 puntos.**

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O exame versará sobre as materias que figuran como anexo a estas bases.

Mediante estas dúas probas os candidatos poderán acadar un máximo de 10 puntos, seleccionaranse os candidatos que maior puntuación acaden.

**PERSOAL DE SOCORRISMO E VIXILANCIA DE PRAIAS (SOCORRISTAS E PATRÓNS).**

**1. Valoración de currículos,** 40% da puntuación, valorándose méritos da seguinte forma:

- Experiencia: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.

Por cada seis meses de traballo acreditado en posto igual ó que aspira.....0,2 puntos.

- Formación: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.

Por cada curso de formación, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades, directamente relacionado co posto de traballo ao que se opta:

- Ata 40 horas . .....0,20 puntos.
- De 41 a 100 horas.....0,40 puntos.
- De 101 a 200 horas.....0,75 puntos.
- Mais de 200 horas.....1,00 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante fotocopia compulsada de contratos ou nóminas ou certificacións oficiais e vida laboral actualizada.

O cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do título. Non se valorará en ningún caso a titulación esixida como requisito de acceso.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 4 puntos.

**2. Exame tipo test,** 20% da puntuación. Máximo 2 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O exame versará para cada posto sobre as materias que figuran como anexos a estas bases.

**3. Proba práctica,** 40% da puntuación. Máximo 4 puntos.

**Patrón: Realización dun exame práctico de Navegación e técnicas de rescate en embarcacións.** Realizarase dúas das seguintes técnicas:

- Aproximación e técnicas de extracción dun accidentado do auga.
- Abordaxe e remolque dunha embarcación.
- Entrada e saída rápida en praia
- Colocación dun accidentado na embarcación.
- Entrada en praia cun accidentado.
- Colocación da embarcación varada na praia.
- Caída do socorrista o auga (patrón sentado no bulbo de babor).

**Socorrista: Realización de dúas probas físicas no mar,** que terán cada unha delas una valoración de 0 hasta 2 puntos.

1. **Unha proba de mar, consistente en percorrer o seguinte:** 200 m. carreira pola area. Entrada a auga e nado duns 200 m. Chegar á area e percorrer uns 100m. As distancias poderán variar en función do estado do mar.
2. **Proba combinada con mergullo e rescate;** Posición de partida: de pe. Despois do sinal: entrar na auga; realizar 50 m nado libre; somerxerse e efectuar 10 m mergullo, saír e remolque 35 m sen que a auga pase por riba das vías respiratorias.

En ambas probas o tempo contarase a partires do primeiro aspirante en pasar pola meta, que obterá a puntuación máxima de 2 puntos en cada unha das probas. A partires do primeiro aspirante as puntuacións serán as seguintes:

Tempo /homes	P t o s .	Tempo/ mulleres	P t o s .
+0'10"	1,75	+0'40"	1,75
+0'20"	1,50	+0,50"	1,50
+0'30"	1,25	+1'00"	1,25
+0'40"	1,00	+1'10"	1,00
+0'50"	0,75	+1,20"	0,75
+1'00"	0,50	+1'30"	0,50
+1'10"	0,25	+1'40"	0,25
Maior tempo	0	Maior tempo	0

Mediante estas tres probas os candidatos poderán acadar un máximo de 10 puntos, seleccionaranse os candidatos que maior puntuación acaden.

**En caso de empate entre os candidatos a calquera posto de traballo, decidirse a selección outorgando preferencia os colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:**

1. Mulleres, en especial as que acrediten a condición de vítimas de violencia.
2. Menores de 30 anos, en especial, os demandantes de primeiro emprego, demandantes con mais de 6 meses en desemprego ou aqueles sen cualificación profesional.
3. Desempregados de longa duración.
4. Persoas discapacitadas. Sempre que a súa discapacidade no impida o desenvolvemento do traballo a realizar.
5. Desempregados maiores de 45 anos.
6. Persoas en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios do RISGA e mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución.

#### **SEXTA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.**

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación dos aspirantes que obteñan a maior puntuación, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

#### **SETIMA: PRAZOS.**

**Presentación de documentación:** Días 23 e 24 de xuño.

**Listado admitidos e excluídos e valoración de currículos:** Día 25 de xuño ás 14:00

**Exames tipo test e probas prácticas:** Día 25 de xuño ás 17:00 no salón de plenos do Concello. O lugar da proba práctica comunicárase unha vez realizado o exame tipo test.

**Publicación de resultados:** Día 26 de xuño ás 9:00 horas.

**Período de alegacións:** días 26 e 27 de xuño.

#### **OITAVA: PUBLICIDADE.**

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña.

#### **NOVENA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

**B) Que o Concello de Moaña contrate ós candidatos seleccionados e propostos polo tribunal, de acordo cos seguintes custos de contratación:**

As remuneracións a percibir polos traballadores serán as seguintes:

OCUPACIÓN	SALARIO MES	COMP. POSTO	P.P. EXTRA	PLUS ESTRAS.	SALARIO BRUTO	BASE COTIZAC.	COTA EMPR. S.S.	CUSTO MES	I X CESE FINAL
<b>PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).</b>									
PEÓN DE LIMPEZA	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	425,86	1.727,59	340,68
<b>PROGRAMA DE SOCORRISMO E VIXILANCIA DE PRAIAS (CONVENIO COLECTIVO DA CONSTRUCCIÓN).</b>									
PATRÓN	865,76	0,00	144,30	0,00	1.010,06	1.010,06	334,33	1.344,39	67,35
SOCORRISTA	907,05	0,00	151,18	0,00	1.058,23	1.058,23	350,27	1.408,50	70,56

No caso dos socorristas e patróns de socorrismo e vixilancia de praias a cantidade a pagar como salario non coincide coa cantidade subvencionada como salario.

Incrementouse o salario que correspondería segundo subvención (calculado segundo o convenio colectivo de instalacións deportivas) ata a cantidade que perciben como salario os patróns e socorristas que xa están contratados polo Concello.

Esta diferenza será asumida con fondos propios do Concello.

Custos da contratación para o concello segundo instalacións deportivas.....  
611,16

Custos da contratación para o concello con equiparación salarial .....  
3.501,60

90,44

Diferenza.....2.8

Acompáñase cadro detallado de custos.

**ANEXO:**

**MATERIAS PEÓN DE LIMPEZA.**

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Principais técnicas de limpeza de praias e de desbroce.

- Tema 3.- Principal maquinaria utilizada
- Tema 4.- Principais ferramentas utilizadas.
- Tema 5.- Coñecemento do termo municipal.

#### **MATERIAS PATRÓN**

- Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.
- Tema 2: Partes básicas dunha embarcación semiríxida.
- Tema 3: Expresións usadas en navegación. Nos mariñeiros. Ancoras.
- Tema 4: Equipamento e mantemento mínimo da embarcación
- Tema 5: Motor foraborda
- Tema 6: Colocación de tripulantes a bordo.
- Tema 7: Atraque, desatraque e fondeo.
- Tema 8: Navegación. Abordaxe e remolque.
- Tema 9: Manobras de aproximación e rescate a un accidentado.
- Tema 10: Medidas de seguridade e sinalización en praias.
- Tema 11: Funcionamento con equipos de comunicación

#### **MATERIAS SOCORRISTA.**

- Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.
- Tema 2: Prestación de primeiros auxilios ao accidentado e principio xerais do salvamento acuático.
- Tema 3: Secuencia de actuación no salvamento acuático.
- Tema 4: Técnicas de entrada na auga. Flotacións. Técnicas de nado adaptadas. O mergullo.
- Tema 5: Técnicas de control e zafaduras.
- Tema 6: Técnicas de remolque directas.
- Tema 7: Técnicas de utilización do material de rescate.
- Tema 8: Técnicas para o rescate de accidentados de columna.
- Tema 9: Técnicas de respiración artificial no medio acuático.
- Tema 10: Técnicas de extracción de accidentados.
- Tema 11: Comunicaciós.

Visto o informe do secretario do 22 de xuño de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as bases de contratación de catro peóns de limpeza, dous socorristas e 2 patróns de embarcacións, e publicar as bases no taboleiro de anuncios.

### **9.- SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS**

Visto o escrito presentado por D.Luís Solla Ríos, con DNI 35.915.484 - H, como Presidente da "ASOCIACIÓN CULTURAL MONTEALEGRE", onde solicita a inscrición desta Asociación no Rexistro de Asociacións do Concello de Moaña, presentando toda a documentación necesaria para este trámite.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda inscribir no Libro Municipal de Asociacións co número que lle corresponda.

## **10.- TRÁFICO**

**10.A)** D. ROBERTO PORTELA BLANCO, con domicilio en r/ Almasa, 20 2º e con DNI 76.811.263 – A, expón, dun lado, que o expediente polo que a Policía Local de Moaña o sanciona non se corresponde co que lle reclama, sendo este de cuantía superior, e que ademais, en relación con outro expediente sancionador, entende que este non é competencia dos axentes municipais por atoparse o lugar no que o sancionan na zona portuaria.

O xefe do Departamento de Sancións da Policía Local de Moaña informa o seguinte ao respecto: que en relación coa instancia presentada por D. ROBERTO PORTELA BLANCO, comprobouse que neste departamento existen cinco expedientes a nome desta persoa, do ano 2005 ao 2007, todos eles rematados e remitidos á ORAL para o cobro pola vía de prema.

As cantidades que se lle reclaman á ORAL, son superiores ás que figuran nos expedientes correspondentes, polo recargo e gastos aplicados por dito organismo.

Respecto das denuncias sancionadas nas inmediacións da Praza de Abastos, o Concello sinaliza e organiza o tráfico na zona e, a Policía Local regula o tráfico e instrúe atestados por accidentes de circulación e, polo tanto, denuncias as infraccións que se cometen en dito lugar.

Polo tanto, todas as infraccións están correctamente sancionadas e instruídas, sen que o denunciado fixera pagamento correspondente nos prazos establecidos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda desestimar a reclamación presentada por D. ROBERTO PORTELA BLANCO en base ao informe anteriormente exposto.

**10.B)** D. JUAN M. MARTINEZ MASSONI, con domicilio en Av. de Ourense, nº 75, Andar 4 e con DNI 35.262.881- V, expón que no “Cruce das Barxas” o paso de peóns atópase casi completamente borrado e que por ese mesmo motivo nos se decatou de que era un paso de peóns.

Ao respecto o xefe do Departamento de Sancións da Policía Local informa o seguinte ao respecto: que en relación coa instancia presentada por D. JUAN M. MARTÍNEZ MASSONI, a infracción produciuse no cruce de As Barxas, por estacionamento dun vehículo no paso de peóns, que aínda que a pintura tiña irregularidades, apreciábase perfectamente que existía un paso de peóns, que ademais atopábase pintado no mesmo cruce, polo que dito vehículo infrinxía outra norma de tráfico por estacionar nas inmediacións dun cruce.

Por todo elo, existe a infracción e esta foi denunciada adecuadamente, sen que existan motivos para revocala.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda desestimar a reclamación presentada por D. JUAN M. MARTÍNEZ MASSONI en base ao informe anteriormente exposto.



**10.C)** O inspector-xefe da Policía Local do Concello de Moaña informa o día 17 de xuño de 2009 que na entrada do porto de Meira, no lugar donde está instalado o chiringuito de verán, están a darse problemas de tráfico, ao estacionar os vehículos xusto na entrada, polo que sería convinte sinalizar a zona cun bordo amarelo, tal e como se aprecia na fotografía que se achega ao informe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a procedencia do pintado.

**10.D)** D. MANUEL PARADA FERVENZA, con domicilio en r/ Redondo, nº 101 e con DNI 35.221.959 – X, mediante escrito entrada no Concello o día 4 de maio de 2009, solicita a colocación dun espello en dúas interseccións, debido á falta de visibilidade nos puntos indicados.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía Local do 12 xuño de 2009, no que se indica que na intersección da Marrúa hacia a estrada PO-313, debido á proximidade dunha curva sen visibilidade é recomendable colocar un espello na marxe oposta ao inmovible de Marrúa, nº 28, fronte á intersección, tal e como pode verse na fotografía que se achega ao informe.

Indícase ademáis que na intersección da estrada do Carrachal coa estrada do Pedroso, debido ao cerre do inmovible de Marrúa, nº 105 é recomendable colocar un espello na marxe oposta da intersección, tal e como pode verse na fotografía que se achega ao informe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación dos citados espellos.

## **11.- APROBACIÓN DE RELACIONES DE VENDEDORES DE VENTA AMBULANTE MERCADILLO**

Dase conta das relacións que se detallan emitidas polo encargado de mercadillo:

Nº Posto	Nome e apelidos	Mercadoría	Superficie
11-B	Fall Mane Saffi	Roupa	5 metros
11-D	Luis Gomez Silvet	Roupa	6 metros
5-BM	María Aldora Amador	Roupa	8 metros
8-D	Mª Pilar Portela Suarez	Roupa	10 metros

Nº Posto	Nome e apelidos	Mercadoría	Superficie
12-A	MIMOS C.B. Cangas	Prantas	8 metros
9-A	Aurora Franco Blanco	Roupa	8 metros
3-D	Mor Mbow	Bisutería	4 metros
13-B	Josefa Freire Martinez	Roupa	6 metros
15-D	Mª Carmen Freire Martínez	Roupa	6 metros
14-G	Abdelkrim Abkari Bennajar	Alfombras	6 metros
14-A	Mª Pilar Duran Miranda	Roupa	12 metros
11-D	Pedro Rodríguez González	Prantas	8 metros
9-C	Ndiaga Dia Fall	Bisutería	5 metros
5-B	Elena Rodríguez González	Roupa	8 metros
9-G	Josefa Duran Miranda	Textís	10 metros
9-E	M'ballo Yade	Bisutería	4 metros
15-E	Francisca Caballero Galan	Embutidos	6 metros
3-A	Khoudia Diop	Roupa	4 metros
9-AM	Paula Marcos Gil	Roupa	8 metros
10-F	Purificación González Fernández	Libros	4 metros
3-C	Dame Bamba Sarr	Bisutería	4 metros
15-BM	Consuelo Blanco Casal	Roupa	6 metros
14-C	Juan Pena Puentes	Prantas	10 metros
6-CM	Antonio Castro Gomez	Embutidos	3 metros
15-CM	Ana Marcos Gil	Roupa	6 metros
10-DM	María Ramos Vazquez	Queixos	2 metros
15-DM	Tuula Marjatta Ahola Rissanen	Roupa	10 metros
3-AM	Moustapha Fall Ndiaye	Bisutería	4 metros
5-CM	Celestino Campos Montero	Froitas	10 metros
7-BM	Pilar González Costa	Roupa	10 metros

9-F	Manuela González Malvido	Roupa	4 metros
8-A	Juan Luis Pastoriza Rodriguez	Calzado	9 metros
7-A	Encarnación Alvarez Gayo	Roupa	8 metros
5-A	Rosa Maria Calvar Martínez	Roupa	8 metros
14-F	Mª Fabiola Vazquez Maldonado	Roupa	8 metros
11-A	Flora Rodriguez Rodriguez	Roupa	10 metros
16-D	José Manuel Parceros Perez	Prantas	12 metros
10-F	Purificación Sanmartin Torres	Roupa	6 metros
10-G	Nieves García Soto	Roupa	6 metros
3-B	Matar Fall Ka	Bisuteria	5 metros
14-E	Dolores Gomez Silvet	Roupa	8 metros
9-B	Lourdes Gutierrez García	Calzado	5 metros
14-D	Ana María Iglesias González	Textís	6 metros
4-C	Ramiro Torrón Ferreiro	Embutidos	4 metros
6-A	Ricardo González Carballo	Roupa	6 metros
13-C	Sonia González Rodriguez	Complementos	6 metros
4-A	María Da Silva Miranda	Roupa	8 metros
9-D	Mª Mercedes Mallo Lagoa	Textís	4 metros
10-B	María Inés Pastoriza Carballo	Roupa	8 metros
7-B	Tendas Toysa Bambino S.L.L.	Roupa	12 metros
10-A	Javier Freire Pastoriza	Roupa	9 metros
10-C	Nieves Montes Calvar	Calzado	7 metros
14-B	Moustapha Lo	Busuteria	4 metros
14-H	Carmen Covelo Marino	Pan artesan	4 metros
1-A	Agustin Cortegoso Juncal	Embutidos	4 metros
15-F	Mª Carmen Bastón Pérez	Calzado	10 metros
8-B	Iria Fandiño Santos	Roupa	8 metros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas presentes, acorda aprobar dita relación de vendedores.

## 12.- SERVICIO DE AGUAS AQUALIA: CONEXIÓNS DE AGUAS E SANEAMENTO

	Servizo	Lugar	Taxas abonadas	Informe favorable
JOSÉ FARIA CURRA	Saneamento, uso doméstico	Broullión, 48 B (Moaña)	Conexión sumidoiro.....180 €	Aqualia Arq. Técn. Munic.
ALBERTO COSTA POLO	Auga, uso doméstico	r/ Pura P. Prado, s/n Portal 2 3ºA (Urb. O Rosal)	Conexión augas.....60 € Fianza.....20 €	Aqualia
MANUEL RODRÍGUEZ DE LA FUENTE	Auga, uso doméstico	r/ Otero Pedrayo, 40 3º D	Conexión augas.....60 € Fianza.....20 €	Aqualia
VANESA ESCUDERO MILLOS	Auga, uso doméstico	r/ Pura P. Prado, s/n Portal 1 3ºE (Urb. O Rosal)	Conexión augas.....60 € Fianza.....20 €	Aqualia

JESÚS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	Auga, uso doméstico	r/ Pura P. Prado, s/n Portal 1 4ºB (Urb. O Rosal)	Conexión augas.....60 € Fianza.....20 €	Aqualia
JOSÉ SUÁREZ REINALDO	Auga, uso doméstico	r/ Pura P. Prado, s/n Portal 1 2ºD (Urb. O Rosal)	Conexión augas.....60 € Fianza.....20 €	Aqualia
ANGEL MANUEL BOUBETA RODRÍGUEZ	Saneamento, uso doméstico	r/ Costa, 43	Conexión sumidoiro.... 180 €	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.